

ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA CASA DE CULTURA DE BERTAMIRÁNS INCLUÍDA NA CONVOCATORIA DO PAS ANUALIDADE 2015 (PAS 2015)

Na Casa do Concello de Ames sendo as doce horas do día tres de marzo de dous mil dezasete, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA CASA DE CULTURA DE BERTAMIRÁNS**

ASISTENTES:

Presidente:

Don David Santomil Mosquera, concelleiro delegado de educación e cultura.

Vogais:

- Don José Rogelio Pardo Martínez secretario accidental da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Secretaría: Dona M. Isabel Quintáns Rios, auxiliar administrativa do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 26 de xaneiro de 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación.

Con data 20 de febreiro de 2017 a empresa clasificada en primeiro lugar, CYS HISPANIA SL, presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 000/1639) a documentación requirida para proceder á adxudicación definitiva.

A mesa de contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos (constitución de aval, pago de anuncios, solvencia económica e técnica, etc.) necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Á vista da documentación presentada a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

Trasladar ó órgano de contratación a proposta de adxudicación das obras de "REPARACIÓN E MELLORA CASA DE CULTURA DE BERTAMIRÁNS" á empresa **CYS HISPANIA SL** con CIF B-74.282.781 , nas condicións establecidas no acordo de clasificación de ofertas e no resto de condicións ofertadas pola empresa licitadora.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as doce horas e vinte minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.

